

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

PE 403A 2009/05-5

Ano	2010
Entidade	CONFRARIAS DE PESCADORES DE BUEU, PORTONOVO E SANXENXO
Plan explotación⁽¹⁾	PLAN DE EXPLOTACIÓN CONXUNTO DE OURIZO
Réxime⁽²⁾	LIBRE MARISQUEO-RECURSO ESPECÍFICO
Modalidade⁽³⁾	SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE

Especies	Ourizo (<i>Parcentrotus lividus</i>)
Ambito do plan	De punta Faxilda a punta Centolo, de punta Galera a punta Couso, de punta Couso a punta Morcegos e Illas Ons e Onza.
Subzonas de explotación	

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/habilitacións
-	9	17
Ampliación do número de permex ⁽⁴⁾		Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
-	-	-

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción (*) 90												
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾ De xaneiro a abril, de outubro a decembro												
Modalidade⁽³⁾: subministro de aire dende superficie.												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X						X	X	X	

Topes de captura			
Especies	A pé	Embarcación/día	Tripulante enrolado e a bordo/día
Ourizo		150 kg	75 kg

Artes a empregar	Mergullo con subministro de aire dende superficie (trueiro e forquita)
-------------------------	--

Puntos de control	Lonxas de Bueu e Portonovo
Puntos de venda	Lonxas de Bueu e Portonovo.

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Épocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar												
Zonas:												



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Participantes: O plan recolle un total de 19 embarcacións e 17 tripulantes. Sen embargo,, segundo os datos da Consellería do Mar, o número de embarcacións é de 9 cun total de 17 cotas.

Respecto a estas diferenzas fanse as seguintes puntualizacións:

No plan de explotación para o ano 2010, ao igual que no ano 2009 están incluídas as embarcacións

.....

Proposta de ampliación: no apartado 1.6 do plan indícase que hai embarcacións interesadas en participar no plan pero non se valora a posibilidade nin se fai constar tal solicitude de ampliación na ficha resumo. Polo que dita proposta non foi valorada.

(*) Calendario de extracción: o plan propón un total de 143 días distribuídos en 7 meses. Tendo en conta o días efectivos de actividade durante os últimos anos, o número de días máximos redúcese a 90 días.

Cota máxima de captura: as entidades propoñen un tope de captura de 100 kg/tripulante ata un total de 300 kg/embarcación. Sen embargo, a cota mantense en 75 kg/tripulante ata un máximo de 150 kg/ embarcacións, polos seguintes motivos:

- Manteríase unha CPUE por embarcación arredor de 100 kg/día, que semeella ser o máis recomendable ata ter máis datos da pesqueira
- O recurso podería atoparse en estado de sobrepesca, dada a súa deficiente avaliación (individuos de talla legal nas zonas máis externas da ría)

Cómpre lembrar que o propio plan indica que dende o ano 2003 as extraccións de ourizo veñen decaendo progresivamente ano a ano e que hai un decaemento das poboacións de ourizo que dificultan a súa captura.

(*) Modificado por Resolución do 26 de abril de 2010 da D.X. de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños



En relación coa solicitude de cotas semanais ou mensuais advírtese que, de conformidade co artigo 4º.1 do Decreto 423/1993, de 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de marisqueo, extracción de algas e cultivos mariños, modificado polo Decreto 272/2002, do 11 de xullo, **o tope de captura é por especie, mariscador e día**. Ademais, unha cota semanal ou mensual incrementaría o esforzo de pesca, posibilitando os riscos de sobreexplotación de bancos concretos.

Horario de traballo: Lembrar que de conformidade co establecido no artigo 126 do Decreto 424/1993, do 17 de decembro, a captura de ourizo poderá realizarse “*tódolos días laborables, agás sábados e vésperas de festivos, en horario abranguido entre as 9:00 e 15: 00 horas*”. Por outra banda, o artigo 127 do Decreto 424/1993 recolle que **as artes autorizadas para a extracción de ourizo serán o trueiro e a forquita**.

Traslados: O traslado de ourizo que pretenden realizar ao abeiro dun proxecto de rexeneración, será valorado tecnicamente cando dito proxecto sexa presentado, establecéndose as condicións para a súa realización.

Remisión de datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas, e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento do banco deberán ser remitidos regularmente á delegación correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Actividade de mergullo:

O informe emitido sobre a actividade de mergullo emitido en data 06.11.2009 é favorable á realizar as inmersións necesarias para a execución do plan sempre e cando o plan sexa aprobado a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente, agás os seguintes mergulladores:

Mergullo en apnea: máximo 10 metros

Mergullo con subministro de aire dende superficie: máximo 12 metros, cun tempo total no fondo que non requira a realización de paradas de descompresión.

Coa primeira solicitude de apertura deberán achegar o plan de seguridade aprobado pola autoridade marítima correspondente.

Deben presentar a aprobación da proposta de plan polos órganos de goberno das confrarías de Portonovo e Sanxenxo

Recomendacións para a mellora do plan:

- Revisar coa axente de extensión as normas recollidas no plan de explotación para a mellora de aspectos tales como unha maior claridade das normas, graduación das infraccións, ...

Informe do Parque Nacional das Illas Atlánticas (26 de novembro de 2009:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

A administración do parque recolle no seu informe: “Como explica a propia confraría, cada vez é maior a dificultade para a localización de bancos de ourizo de talla comercial, que neles a abundancia é escasa, que a participación das embarcacións é baixa, e que a comercialización é un factor limitante para este recurso, polo que a administración do PN considera:

- Que se establecese un peche continuado desta área de traballo, polo menos no ámbito do PN durante a campaña de 2010, co obxecto de preservar un stock de reprodutores capaz de producir xuvenís que aseguren a renovación deste stock de reprodutores.
- Que será necesario un estudo posterior a esta campaña para analizar a posible rexeneración de stock para sucesivas aperturas de extracción do recurso.

A administración do Parque Nacional informa desfavorablemente a aprobación do mesmo no ámbito territorial do parque, e tendo en conta as anteriores consideracións propónse o peche do Plan polo menos en 2010.